

Concello de Viveiro

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

No Boletín Oficial da Provincia número 119, de 28 de maio de 2021, publica a convocatoria do proceso para a selección de persoal laboral temporal mediante a modalidade de contrato laboral eventual por circunstancias da produción, ao amparo do Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería Do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, para a contratación de un xefe de brigada non incluídos no cadro de persoal do Concello.

No Boletín Oficial da Provincia número 177, de 04 de agosto de 2021, publica a convocatoria de un novo prazo de presentación de solicitudes para a selección de persoal, con carácter temporal, para un posto de xefe de brigada, no incluído no cadro de persoal do Concello.

Vistas as bases xerais e específicas que teñen por obxecto establecer o procedemento de selección a empregos temporais do Concello de Viveiro para prestar servizos no Concello de Viveiro ao amparo do Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais 2021.

Vista a base xeral 7.1, que sinala "(...) *A designación dos membros do Tribunal farase por Resolución da Alcaldía e será publicada no taboleiro de anuncios, na páxina web e no taboleiro de anuncios dixital para xeral coñecemento e para que os aspirantes poidan formular recusación...*"

Vista a base xeral 8.1, que sinala "(...) **Lista provisional.-** *Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e nomeado e constituído o Tribunal, procederase por este á comprobación das instancias presentadas realizando proposta de lista provisional de admitidos e excluídos, que será aprobada pola Alcaldía. Esta Resolución dictarase no prazo máximo de 10 días.*

A lista provisional de admitidos e excluídos publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal, e no taboleiro de anuncios dixital.

Nesta lista figurarán os apelidos e nome dos aspirantes e si están exentos ou non da realización da proba de coñecemento da lingua galega. No caso dos aspirantes excluídos especificarase o motivo de exclusión..."

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a seguinte **lista provisional e definitiva de admitidos e excluídos:**

A) ADMITIDOS:

Nº	Apelidos e Nome	Proba de Galego
1	MONTES MARTÍNEZ IAGO	EXENTO
2	RIVERA RODRÍGUEZ MARIA ELENA	EXENTO

SEGUNDO.- Citar aos aspirantes admitidos segundo a Base Xeral punto 8, **D. IAGO MONTES MARTÍNEZ E DNA. RIVERA RODRÍGUEZ MARIA ELENA** para realizar un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar.



Concello de Viveiro

TERCEIRO.- Convocar a **D. IAGO MONTES MARTÍNEZ E DNA. RIVERA RODRÍGUEZ MARIA ELENA** para que comparezan o día **10 de agosto de 2021 en horario das 09:00 horas, na Clínica Fouz sita en Rúa Antonio Bas, 4, 27850 Viveiro, Lugo,** a raíz de realizar as probas referidas nos puntos anteriores.

Contra esta resolución os aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante do Presidente no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución no Taboleiro de Anuncios ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa,

Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018,

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

